



INSTRUCCIÓN DA SECRETARÍA XERAL DE EDUCACIÓN E FORMACIÓN PROFESIONAL POLA QUE SE CONVOCAN, CON CARÁCTER EXTRAORDINARIO, PROBAS DE ACCESO AOS CICLOS FORMATIVOS DE GRAO SUPERIOR DE ARTES PLÁSTICAS E DESEÑO PARA O CURSO 2021-22.

A Orde do 25 de xuño de 2007, pola que se regulan o acceso e admisión ás ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño (DOG do 11 de xullo), modificada pola Orde do 15 de marzo de 2013 (DOG do 25 de marzo) establece no seu artigo 2º que a consellería competente en materia de educación convocará, cando menos unha vez ao ano, as probas de acceso ás ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño para aqueles aspirantes que non reúnan os requisitos para o acceso directo ás mesmas.

Na Resolución do 28 de abril de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, dítanse instrucións para o acceso e a admisión do alumnado ás ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño para o curso 2021/22.

Unha vez rematado o prazo ordinario de matrícula para as persoas aspirantes que superaron o proceso de acceso e admisión ás ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño para o vindeiro ano académico 2021-22, conséntase a existencia de prazas vacantes para cursar os ciclos formativos de grao superior de gravado e técnicas de estampación; fotografía; ebanistería artística; xoiaría artística; dourado, prateado e policromía; taller de dourado e prateado; taller de policromía; taller de madeira; proxectos e dirección de obras de decoración; gráfica publicitaria, estilismo de indumentaria, nas escolas de arte e superiores de deseño e nos centros autorizados de Artes Plásticas e Deseño da Comunidade Autónoma de Galicia.

Tendo en conta o exposto, cómpre establecer un novo proceso de acceso e admisión a estas ensinanzas e para estes centros, polo que esta secretaría xeral **RESOLVE** autorizar a realización de probas específicas de acceso aos ciclos formativos de grao superior en convocatoria extraordinaria, a realizar na primeira quincena do mes de setembro de 2021.

As ditas probas realizaranse de acordo co establecido na Resolución do 28 de abril de 2021, citada, e serán administradas, avaliadas e cualificadas polo tribunal e segundo o calendario que se indican no anexo a esta instrución.

Santiago de Compostela,

O secretario xeral de Educación e Formación Profesional.

José Luis López Mira

Directores das Escolas de Arte e Superiores de Deseño de Galicia.



ANEXO

Calendario:

Inscripción para as probas:

A inscrición para a realización das probas de acceso realizarase nas secretarías das seguintes EASD:

- Antonio Failde de Ourense, para o ciclo formativo de grao superior de artes plásticas e deseño en ebanistería artística e en fotografía.

- Mestre Mateo de Santiago de Compostela, para os ciclos formativos de grao superior de artes plásticas e deseño en xoiaría artística, en gráfica publicitaria, en proxectos e dirección de obras de decoración, en ensinanza modular de taller de dourado e prateado; de taller de Policromía e en estilismo de indumentaria.

- Pablo Picasso da Coruña, para os ciclos formativos de grao superior de artes plásticas e deseño en fotografía, dourado, prateado e policromía e na ensinanza modular de taller de madeira.

- Ramón Falcón de Lugo, para os ciclos formativos de grao superior de artes plásticas e deseño en fotografía e en gravado e técnicas de estampación.

Prazo de inscrición:

Dende o día 1 de setembro ata o día 6 de setembro de 2021.

Publicación de persoas inscritas, nas páxinas web das EASD de Galicia e no portal da Consellería de Cultura, Educación e Universidade <http://www.edu.xunta.gal>, o día 7 de setembro de 2021.

Realización da proba específica:

Día 8 de setembro de 2021 na Escola de Arte e Superior de Deseño (EASD) elixida na primeira opción, e segundo o seguinte horario:

Primeiro exercicio: das 10.00 ás 11.00 horas.

Segundo exercicio: das 12.00 ás 14.00 horas.

Terceiro exercicio: das 17.00 ás 19.00 horas.

Cada EASD organizará a distribución horaria e de espazos de ocupación do tribunal que actúe nelas.

Publicación cualificacións

Día 9 de setembro, publicación das cualificacións provisionais nas páxinas web das EASD de Galicia e no portal educativo da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, <http://www.edu.xunta.gal>.

Día 14 de setembro, publicación das cualificacións definitivas nas páxinas web das EASD de Galicia e no portal educativo da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, <http://www.edu.xunta.gal>.

Día 15 de setembro, asignación de prazas nas páxinas web das EASD de Galicia e no portal da Consellería de Cultura, Educación e Universidade:

Matriculación:

Días 16 e 17 de setembro de 2021





Tribunais encargados da organización, realización e cualificación das probas específicas extraordinarias de acceso aos ciclos formativos de grao superior de artes plásticas e deseño, que actuarán nas escolas de arte e superiores de deseño

Tribunal da Escola de Arte e Superior de Deseño Ramón Falcón de Lugo

Tribunal avaliador das probas de acceso aos ciclos formativos de grao superior de **gravado e técnicas de estampación** e de **fotografía**.

Titulares:		Suplentes:	
Presidenta	Natalia Crecente García	Presidente	Francisco Fernández Ares
Vogal 1ª	Faína Manchón González	Vogal 1ª	Angela Morales Polo
Vogal 2ª	Elena Sánchez Pendás	Vogal 2ª	Noelia Pardo Fernández
Vogal 3ª	Mª Carmen Fernández Rodríguez	Vogal 3º	José Antonio Cruz Lago
Vogal 4º	Pablo Ferreiro Mazón	Vogal 4ª	Cristobal Novoa González

Tribunal da Escola de Arte e Superior de Deseño Antonio Faílde de Ourense

Tribunal avaliador das probas de acceso a ciclos formativos da familia profesional de **fotografía** e de **ebanistería artística**.

Titulares:		Suplentes:	
Presidenta	Montserrat Gómez Bravo	Presidente	José Manuel Taboada Beato
Vogal 1º	Javier Fernández Alonso	Vogal 1º	Ofelia Cardo Cañizares
Vogal 2ª	Mirian Seguíñ Pérez	Vogal 2º	Armando García Ferreiro
Vogal 3ª	Catalina Alonso Rodríguez	Vogal 3º	Álvaro Blanco Vázquez
Vogal 4º	Fernando Vaquero Farto	Vogal 4º	José Luis Carreira Varela

Tribunais da Escola de Arte e Superior de Deseño Mestre Mateo de Santiago de Compostela

Tribunal avaliador das probas de acceso ao ciclo formativo de grao superior en: **xoiaría artística; ensinanza modular de taller de dourado e prateado, e de taller de policromía; proxectos e dirección de obras de decoración; gráfica publicitaria; estilismo de indumentaria.**

Titulares:		Suplentes:	
Presidente	Andrés Etxeita Costales	Presidenta	Irene Gago Pesado
Vogal 1ª	Ana Seara Ferreiro	Vogal 1ª	Antonio Míguez Losada
Vogal 2º	Juan Luis Luaces Fandiño	Vogal 2º	Raquel Anta Barragán
Vogal 3ª	Antonio López Fernández	Vogal 3º	Manuel Delgado Gambino Rodríguez
Vogal 4ª	Mª Teresa Picallo Rodríguez	Vogal 4ª	Carmen Olga Toribio Rguez-Redondo





Tribunais da Escola de Arte e Superior de Deseño Pablo Picasso da Coruña

Tribunal avaliador das probas de acceso ás ensinanzas artísticas profesionais de grao superior na familia profesional artística de: **dourado, prateado e policromía; fotografía; taller de madeira.**

Titulares:		Suplentes:	
Presidente	Marta María Fernández Núñez	Presidente	Gonzalo Porral Mato
Vogal 1ª	Milagros Sánchez Landeira	Vogal 1ª	Marta Rafael Balsa
Vogal 2ª	Clara López Torres	Vogal 2º	Sonia Montserrat Vaz Veiga
Vogal 3º	Francisco Gómez Sánchez	Vogal 3º	Ángel Cao Quelle
Vogal 4º	Gonzalo Varla Díaz	Vogal 4ª	Juan Martínez Lage

As suplencias dos membros do tribunal por causa xustificada serán resoltas pola Dirección da EASD á que estea destinado o membro do tribunal, que nomeará á/ao suplente que corresponda.

